

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## PARA A MATERIA DE

### RELIXIÓN EVANXÉLICA

---

Centro educativo: IES Leiras Pulpeiro

Ano académico: 2020-2021

Profesora: Míguez Fariña, Anabel

## Índice

1. Contextualización	páx. 3
2. Obxectivos xerais	páx. 5
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	páx. 10
4. Contidos e elementos transversais	páx. 12
5. Descrición dos elementos do currículo	páx. 13
6. Metodoloxía	páx. 41
7. Temporalización e recursos	páx. 45
8. Avaliación	páx. 45
9. Atención á diversidade	páx. 47

## 1. Contextualización

### 1.1. Xustificación

Có fin de levar a cabo actuacións coherentes é preciso planificar todo proceso ou actividade que pretenda rematarse con éxito. O obxectivo do presente documento é ser ese plan de actuación que permita ao docente prever os medios a as accións necesarias para conseguir as metas propostas no proceso de ensino-aprendizaxe. Así, a continuación desenvólvese a concreción curricular para a materia de Relixión Evanxélica no IES Leiras Pulpeiro.

Esta programación didáctica é flexible para poder estar aberta a modificacións e así adaptarse aos imprevistos que poidan xurdir á hora de poñela en práctica.

### 1.2. Marco lexislativo

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Ley Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE, BOE Núm. 295).
- Resolución do 23 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da materia de Relixión Evanxélica na educación secundaria obrigatoria.
- Resolución do 28 de xaneiro de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da materia de Relixión Evanxélica do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación

da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e aa educación secundaria.

### 1.3. Características do centro

O IES Leiras Pulpeiro é un centro educativo creado no ano 1998 e situado nunha zona exterior da cidade de Lugo.

A oferta educativa do centro abarca tanto a Educación Secundaria Obrigatoria como o Bacharelato, ademais do Ciclo Formativo de Grado Superior de Industrias Alimentarias.

Para máis información en relación có centro pódese consultar o Proxecto Educativo que se pode atopar na web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleiraspulpeiro/>)

## 1.4. Características dos/as estudantes

Os/as estudantes pertencen na súa maior parte ao Concello de Lugo e forman parte de familias cun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo que viven na área de influencia da cidade, aínda que un pequeno grupo provén da zona rural.

A continuación mostrase o número de alumno/as que cursan a materia de Relixión Evanxélica segundo os cursos:

- 1º ESO B: 5 estudantes
- 1º ESO C: 5 estudantes
- 1º ESO D: 2 estudantes
- 2º ESO A: 2 estudantes
- 2º ESO B: 3 estudantes

## 2. Obxectivos

### 2.1. Xerais da etapa

O D86/2015, señala que, ao finalizar a educación secundaria obligatoria, o proceso de ensino-aprendizaxe debeu contribuír a que os/as alumnos/as desenvolvesen as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse

no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para

identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 2.2. Da materia

1. Descubrir as principais ensinanzas bíblicas, aplicando diversos métodos de estudo, có obxectivo de elaborar conclusións personais sobre a veracidade e relevancia de ditas ensinanzas.

2. Coñecer os principais feitos acaecidos na historia do pobo de Israel e as súas implicacións no plan salvífico de Deus.

3. Identificar a persona de Xesús como a máxima expresión da acción salvífica de Deus que demanda unha resposta de cada ser humano.



4. Coñecer as ensinanzas e obras de Xesús de Nazaret, valorando a influencia que tiveron nas persoas que se relacionaron con El.
5. Recoñecer e identificar os principais datos, feitos históricos e as súas consecuencias no devenir do pobo cristián dende as súas orixes ata a Reforma relixiosa do século XVI.
6. Descubrir e valorar nas vidas transformadas de certas personaxes do Novo Testamento e na nova relación personal que experimentan con Deus, qué significa ser cristián.
7. Apreciar a familia como parte importante do plan de Deus para o desenvolvemento integral de cada ser humano, tomando conciencia do seu papel dentro dela.
8. Desenvolver un espírito sensible, solidario e comprometido ante o humano.
9. Apreciar a creatividade artística do ser humano como manifestación da súa semellanza coa capacidade creadora de Deus.
10. Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre as mesmas desde unha perspectiva bíblica.
11. Contrastar os valores éticos cristiáns cós valores predominantes na sociedade actual.

### **3. Contribución ao desenvolvemento das competencias**

#### **clave**

#### 3.1. Contribución xeral da materia ao desenvolvemento das competencias clave

O sistema educativo actual busca potenciar as competencias clave de xeito que se traballe “combinando habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de traballo” (D86/2015). En base a iso, o aprendizaxe de Relixión Evanxélica contribue ao desenvolvemento das competencias clave a través dos seguintes aspectos:


- Comunicación lingüística (CCL): lectura e interpretación da Biblia, expresión de opinións, sentimentos, etc., identificación de diferentes estilos literarios nos libros do Antigo e do Novo testamento, explicación e síntese das ensinanzas relixiosas...
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): identificación de problemas e formulación de preguntas sobre a realidade do entorno, observación metódica dos feitos narrados na Biblia, investigación de asuntos teolóxicos...
- Competencia dixital (CD): búsqueda, selección e procesado de información sobre feitos relixiosos a través das TICs...
- Aprender a aprender (CAA): desenvolvemento do aprendizaxe autónomo a través da lectura da Biblia, toma de conciencia das propias capacidades...

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): formación dunha opinión propia sobre asuntos teolóxicos e argumentación para defendela, desenvolvemento dunha conciencia crítica, búsqueda de información sobre asuntos teolóxicos...
- Competencia social e cívica (CSC): establecemento de relacións adecuadas na aula, recoñecemento da igualdade e dignidade de tódalas persoas, traballo de valores como o amor, a xustiza, a liberdade, etc, explicación das responsabilidades personais e das consecuencias de estas, traballo en equipo...
- Conciencia e expresión culturais (CCEC): investigación sobre as diferentes posturas en canto a asuntos teolóxicos ao longo da historia da humanidade, coñecemento da relación historia-relixión, coñecemento da influencia da relixión na arte, produción de expresión culturais e estéticas personais relacionadas coas historias bíblicas...

### 3.2. Concreción da contribución de cada curso ao desenvolvemento das competencias clave


#### a) 1º ESO:

Segundo o desenvolto nas táboas do apartado 5 desta programación (Descrición dos elementos do currículo), a continuación móstrase un gráfico que recolle o porcentaxe de contribución da materia de Relixión Evanxélica en 1º ESO a cada unha das competencias clave:



b) 2º ESO:

Segundo o desenvolto nas táboas do apartado 5 desta programación (Descrición dos elementos do currículo), a continuación móstrase un gráfico que recolle o porcentaxe de contribución da materia de Relixión Evanxélica en 2º ESO a cada unha das competencias clave:



#### 4. Contidos e elementos transversais

Os contidos para a materia de Relixión Evanxélica aparecen recollidos na Resolución do 23 de xullo de 2015, no caso da educación secundaria obrigatoria e na Resolución do 28 de xaneiro de 2016, no caso do Bacharelato.

Nas táboas do apartado 5 desta programación (Descrición dos elementos do currículo) aparecen recollidos os contidos que forman parte de cada curso.

Por último, se traballarán ao longo das unidades didácticas varios elementos transversais, que son aqueles contidos relacionados coas competencias clave que se consideran cruciais para o desenvolvemento pleno dos estudantes: Comprensión lectora (CCL), expresión oral e escrita (CCL), comunicación audiovisual (CD), tecnoloxías da información e da comunicación (CD, CMCT), emprendemento (CSIEE), educación cívica (CSC) e prevención da violencia (CSC).

## **5. Descrición dos elementos do currículo**

A continuación móstrase, a través dunha taboa para cada curso, a relación entre os distintos elementos curriculares.

## 1º ESO

Unidade	Obxectivos xerais	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Elementos transversais
1	e, f, h	A composición do Antigo Testamento. Resumo esquemático e canon	Coñecer a estrutura do Antigo y Novo Testamento e identificar ós autores por libro e ser capaz de resumir brevemente a historia bíblica	Identifica a estrutura e composición do Antigo e do Novo Testamento relacionando os libros da Biblia cós distintos escritores e situándoos na línea do tempo*	CCL, CCEC	Comprensión oral e escrita  TICs
				Identifica o contexto histórico do Antigo e do Novo Testamento e elabora cadros esquemáticos relativos á súa composición	CCEC	
				Localiza os libros da Biblia con axilidade e manexa a Biblia con autonomía*	CAA, CSIEE	
				Analiza e explica o significado de versículos clave a cerca do valor da Biblia e a súa importancia para a	CCL	

				vida do cristiano e memoriza algúns deles*		
2	e, f, h	A composición do Novo Testamento. Resumo esquemático e canon	Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, revelación, canon e propósito da Palavra de Deus	Busca, selecciona e interpreta información sobre a inspiración, revelación e canon da Biblia, a partir da utilización de diversas fontes	CMCCT, CCL	Comprensión oral e escrita  TICs
				Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes	CCL, CD	
				Utiliza a información de carácter teolóxico da Biblia para formarse unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados	CSIEE	
				Reflexiona sobre as razóns polas cales Deus decide revelarse ao ser humano*	CSIEE, CAA	
				Explica o proceso seguido para o establecemento do canon do Novo Testamento para comprender a composición da Biblia	CCL, CCEC	

3	e, f, l	O concepto de revelación e de inspiración e o propósito da Biblia	Identifica, analiza e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como medio polo que Deus se revela e fala ao ser humano	Identifica as ideas principais sobre a Biblia como medio polo cal Deus se revela e fala ao ser humano	CCL	
				Recoñece pasaxes bíblicos onde se observa cómo Deus fala a distintas persoas e enumera as características xerais de cada situación	CCL, CCEC	
				Extrae ensinanzas do texto bíblico e as aplica á vida diaria*	CCL, CSC	
				Investiga o propósito da Biblia como revelación do amor de Deus e do plan de salvación para o ser humano*	CSC, CCEC	
4	a, b, c	Adán e Eva: desobediencia e separación de Deus  A promesa dun Salvador	Investigar os principais sucesos na historia bíblica dende Adán ata José elaborando a información recollida	Estudia o relato da creación e desobediencia do ser humano relacionándoo coa súa importancia para a humanidade	CCEC, CCL	Comprensión oral
				Discrimina no Génesis a promesa dun Salvador explicando o sentido	CCL	



		<p>Noé e o Diluvio: a obediencia dun home.</p> <p>A Torre de Babel: un camiño equivocado</p> <p>Abraham: o pacto con Deus e confirmación da promesa dun Salvador</p> <p>Isaac, Jacob, José</p>		do texto coas súas palabras		
				Identifica os feitos do libro de Génesis concernientes á salvación para encadralos dentro do plan de Deus para redimir á humanidade	CCL	
				Identifica e contrasta, a partir do relato bíblico, a obediencia de Noé hacia Deus có comportamento dos seus contemporáneos	CMCCT	
				Observa e estuda o relato da historia de Babel ou outras historias analizando distintas actitudes e esforzos humanos de querer vivir sen Deus	CMCCT, CCEC	
				Identifica as personaxes bíblicas claves nesta etapa ordenándoos cronoloxicamente entendendo a importancia da súa contribución á historia da salvación*	CMCCT	
			Analizar as implicacións que	Analiza a partir do pasaxe de	CCL	

			teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade...	Génesis cal foi a orixe do pecado explicando as súas consecuencias inmediatas e posteriores		
				Explica a orixe da historia da salvación e se axuda de táboas, gráficos, resumos...*	CD, CMCCT	
				Valora e debate na clase acerca da fidelidade de Deus no relato da historia de Noé	CCL, CSIEE, CSC	
				Identifica a promesa de Deus de bendecir a tódalas nacións a través da descendencia de Abraham lendo e analizando os textos bíblicos que fan referencia a elo	CCL	
				Analiza as implicacións que teñen os feitos principais do inicio da historia do pobo de Israel no plan de salvación de Deus asociándoos coas súas causas	CAA, CCL	
5	b, c, f	Vida de Xesús:	Identificar e ordear	Identifica e ordena cronolóxicamente	CAA, CMCCT	Comprensión

		Nacemento e infancia de Xesús. Desenvolvemento da súa labor ministerial	cronolóxicamente as etapas de nacemento, crecemento e primeiros anos del ministerio de Xesús, que relatan os evanxeos	as etapas da vida de Xesús ubicándoas nunha línea do tempo, táboa ou gráfico entendendo a importancia e o valor de cada unha delas*		lectora  Prevención da violencia
		A figura de Xesús: Xesús: Deus e home Xesús: exemplo de vida Xesús: boas novas de salvación	Obter e analizar información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, utilizando a Biblia como fonte	Busca, selecciona e organiza información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, analízala, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e o comunica oralmente ou por escrito	CAA, CSIEE	
				Analiza informacións relacionadas coa vida de Xesús manexando mapas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación	CCL, CD	
				Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar traballos acerca da vida de Xesús	CD	
			Explicar a figura de Xesús, analizando a súa divindade e	Relaciona e distingue a divindade e a humanidade de Xesús analizando	CCL	

			humanidade, así como o seu exemplo de vida	diversos textos bíblicos		
				Observa, analiza e explica a primeira etapa da vida de Xesús, nomeando algúns dos exemplos máis relevantes da súa conducta e actitudes	CCL, CAA	
			Valorar as boas novas de salvación analizando textos bíblicos	Valora, partindo dal análise de diversos textos bíblicos, as boas novas da salvación encarnadas en Xesús, resumindo as súas conclusións personais*	CAA, CSIEE	
				Lee e identifica no evanxeo de Xoan características de Xesús, resumindoas	CCL	
6	g, h, ñ	Orixes da Igrexa A obra misionera de Pablo	Obter información concreta e relevante sobre as orixes da Igrexa, utilizando diferentes fontes	Observa a relación histórica e teolóxica entre xudaísmo e cristianismo, elaborando unha taboa comparativa	CCEC	Educación cívica Comprensión

		A extensión da igrexa e as epístolas de Pablo		Realiza traballos individuais e grupais de investigación sobre a orixe e a extensión da Igrexa no libro dos Feitos dos Apóstoles	CSC	lectora
		Identificar e situar cronolóxica e xeográficamente os principais feitos históricos no devenir do pobo cristián no período neotestamentario, analizando as consecuencias sociais e históricas dos mesmos		Identifica y analiza o proceso de cambio que se opera nos discípulos de Xesús pola acción do Espírito Santo no libro dos Feitos dos Apóstoles, explicándoo.	CCL	
				Analiza e valora as repercusións da venida e acción do Espírito Santo	CAA	
				Explica e valora accións que reflexan a conducta dos primeiros cristiáns	CCL, CAA	
				Coñece en qué consistio o concilio de Xerusalén, e analiza os antecedentes históricos e as súas consecuencias prácticas	CCEC	
				Lee o libro dos Feitos dos Apóstoles,	CMCCT	

				e identifica e explica os pasos iniciais na extensión do evanxeo ás nacións		
				Coñece, interpreta e construe unha línea do tempo e mapas cós principais feitos históricos dende a orixe da Igrexa ata o final do ministerio de Pablo	CMCCT	
			Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información e aprender e expresar contidos sobre a historia do cristianismo primitivo	Utiliza bibliografía variada para obter información sobre a obra misionera de Pablo e elaborar traballos e/ou tarefas específicas	CAA	
				Identifica e explica aspectos relacionados coa forma de vida, expansión e influencia da Igrexa na etapa estudiada	CCL	
			Participar en diálogos e debates sobre os cambios producidos polo cristianismo nos distintos ámbitos da	Analiza e explica, á luz do Novo Testamento, a responsabilidade colectiva dos cristiáns na transmisión do Evanxeo de Xesús	CCL	

			sociedade antiga e actual	Mostra tolerancia, respecto e valoración crítica de formas de vida, creencias, sociedades e culturas distintas á propia, dende unha perspectiva bíblica e histórica	CSC	
				Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, esquemas explicando cómo se foi afectada polo cristianismo a sociedade antiga e actual	CSIEE	
7	a, c, d	O ser humano como creación de Deus  A imaxe de Deus no ser humano  A dignidade de tódalas persoas  O valor da vida e o	Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que mostran que o ser humano foi creado a imaxe de Deus	Explica según a biblia a natureza do ser humano: corpo, alma e espírito	CCL	Educación cívica
				Reflexiona e dialoga sobre a imaxe de Deus no ser humano creado como home e muller	CCL	Prevención da violencia
				Explica accións que reflexan diferentes aspectos da imaxe de Deus na persoa: espiritualidade, entendemento, vontade,	CSC, CSIEE	

		amor de Deus por toda a humanidade		autoridade, responsabilidade, etc.		
				Analiza algunha produción artística (plástica, literaria ou musical), elaborada por eles mesmos o por outras persoas, identificando características que denoten orixinalidade e creatividade	CCEC	
				Reflexiona, argumenta e dialoga sobre a relación que hai entre a capacidade creadora de Deus a a capacidade creadora do ser humano	CCL	
				Reflexiona, argumenta e debate sobre a vida como sagrada e importante xustificándoo bíblicamente	CAA, CL	
				Analiza dende a perspectiva bíblica a dignidade de tódalas persoas, explicando as súas implicacións prácticas	CCL, CSC	



			<p>Identificar e localizar en pasaxes bíblicas, exemplos de conductas, actitudes e valores que reflexan o que significa ter unha relación personal con Deus</p>	<p>Medita e explica a responsabilidade persoal e consecuencias das decisións e conductas que adopta na vida</p>	CSC	
				<p>Resume e explica, de modo oral ou por escrito, relatos do evanxeo que manifestan a dignidad de toda persoa según as palabras e os feitos de Xesús*</p>	CSC, CCL	
				<p>Escoita e respeta as ideas dos outros</p>	CSC	
				<p>Mostra, nas relacións interpersonais, unha actitude de respecto pola dignidade e liberdade humana</p>	CSC	
			<p>Explicar o amor de Deus pola humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións</p>	<p>Analiza o amor de Deus pola humanidade reflexado na creación e debate en clase cómo se traduce nun plan para cada persoa en particular</p>	CCL	

				Traballa en grupo, unha análise xeral da realidade humana a través dos medios informativos relacionándoo con cós temas estudados no bloque	CSC	
8	a, c	A liberdade de conciencia e a responsabilidade persoal  O matrimonio a la familia cristiana	Analizar a importancia da liberdade de conciencia e a responsabilidade nomarco bíblico e no contexto social	Busca e escolle personaxes e historias bíblicas significativas para debater e analizar o valor da vida expresado a longo da Biblia	CMCCT	Educación cívica  Prevención da violencia
				Define a liberdade de conciencia, analizando a súa importancia persoal e social e ea responsabilidade que temos asociada á liberdade	CSC	
				Describe o coidado persoal baseado na ensinanza bíblica sobre o corpo do creyente	CSC	
				Dialoga, analiza e debate en clase sobre a idea de que Deus acéptanos e ámanos tal e como somos, en	CCL, CCEC	

				comparación coas ideas e tendencias da nosa sociedade		
			Entender a base bíblica da familia cristiá	Lee textos bíblicos analizando as características da familia cristiá	CAA	
				Distingue e señala textos bíblicos que ensinan sobre a sexualidade e o matrimonio	CSC	
				Busca información, compara e analiza algunhas familias da Biblia e extrae conclusións para a súa propia vida	CD	
				Dialoga en clase valorando en qué medida a familia contribue ao desenvolvemento integral de cada ser humano	CCL, CSC	

\*Estándar de aprendizaxe imprescindible

## 2º ESO

Unidade	Obxectivos xerais	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Elementos transversais
1	b, e, f	Líneas directrices da mensaxe bíblica	Identificar as principais ensinanzas da Biblia sobre Deus e a súa relación có ser humano	Recoñece e memoriza textos bíblicos identificando as ensinanzas sobre o amor de Deus hacia o home	CCL	Comprensión escrita  Comprensión oral e escrita
		A relación de Deus có ser humano		Explicar o plan de salvación e a obra de Cristo comprendendo a importancia da resurrección	Realiza unha investigación bíblica sobre o plan de salvación e a obra de Cristo revelada a través de pasaxes específicos da Biblia*	
		A desobediencia do home e o plan de salvación	A obra redentora de Cristo		Identifica e memoriza versículos clave, acerca do plan de salvación de Deus analiza o seu alcance a tódolos pobos da Terra	
A presenza e a obra do Espírito Santo no						

		cristiano		Extrae ensinanzas e conclusións relacionadas coa resurrección e ascensión de Cristo e as relaciona coa ensinanza do apóstol Pablo sobre este tema	CCL	
		A xustificación pola fe				
		O reino de Deus e a Igrexa				
			Identificar e estudar textos bíblicos sobre a ascensión de Cristo e a obra do Espírito Santo	Identifica pasaxes paralelos sobre a resurrección e ascensión de Cristo, valorando a importancia destes feitos para a vida do crente	CMCCT, CSIEE	
				Identifica e lee pasaxes bíblicos que indican a obra do Espírito Santo (Paracleto) e o seu fruto na vida do cristián	CCL	
			Analizar la base bíblica de la justificación por fe, el reino de Dios y la Iglesia.	Analiza e memoriza pasaxes claves das cartas de Pablo que resumen a xustificación por gracia a través da fe	CCL, CAA	
				Usa rigor crítico e obxectividade no estudo bíblico	CMCCT	

				Examina no Novo Testamento o concepto do Reino de Deus, a orixe da igrexa e a súa misión no mundo hoxe, resumindo as súas conclusións	CCEC	
2	b, e, f	O pobo de Israel en Exipto	Obter información sobre os principais feitos acaecidos ao pobo de Israel dende o periodo dos Patriarcas ata a chegada á Terra Prometida, elaborando a información recollida (táboas, gráficos, resumos)	Identifica os personaxes clave na historia do pobo de Israel nesta etapa da súa historia e os ubica na línea do tempo	CCL	Comprensión escrita  TICs
		O significado da Pascua		Extrae información de fontes bíblicas e extrabíblicas sobre a historia do pobo de Israel ata a morte de Moisés e señala os feitos e personaxes máis relevantes*	CCL, CD	
		Éxodo do pobo de Israel e os anos no deserto		Explica adecuadamente o significado dea Pascua identificando o seu simbolismo e establecendo relacións coa obra de Cristo	CCL	
		Moisés e o pacto de Deus có seu pobo		Explica e enumera os Dez	CCL	
		A lei: Normas éticas, civís, cerimoniais				
		A lei e o evanxeo				

				mandamentos e a importancia do día de reposo na vida do Cristián*		
				Identifica eventos relixiosos, sociais e culturais de Israel na antigüedad	CCEC	
			Sacar conclusións acerca das implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga e tipos de leis do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade, á luz de textos do Antigo e Novo Testamento	Comprende o principio da tipoloxía bíblica identificando diferentes exemplos relacionados có tema da salvación	CCL	
				Analiza e reflexiona debatindo en clase o propósito e funcións da lei	CCL	
				Aprecia no libro de Hebreos a relación entre a lei e a obra superior de Xesús	CCL	
3	b, c, f	As relacións de	Analizar en textos do	Lee textos bíblicos onde Xesús fala	CCL	Prevención da

		<p>Xesús:</p> <p>Có pobo: relixiosos, necesitados e autoridades</p> <p>Có Pai</p> <p>Cós discípulos</p> <p>Con nós.</p>	<p>evanxeo as relacións de Xesús có Pai, os discípulos, diversas persoas do pobo e con nós, e comunicando os seus achados ao resto da clase</p>	<p>có Pai, ou ensina sobre a súa relación con Él, analizando as ensinanzas máis importantes que identifica</p>		<p>violencia</p> <p>Educación cívica</p>
				<p>Contrasta os diversos textos nos que Xesús se eatopa con diferentes persoas resumindo as actitudes que Xesús demostrou hacia eles.*</p>	<p>CAA, CSIEE</p>	
				<p>Analiza e expón a súa opinión con respecto aos encontros que tivo Xesús con diferentes persoas: relixiosos, necesitados, autoridades e discípulos, etc.</p>	<p>CSIEE, CSC</p>	



				<p>Aprecia o ofrecemento de amizade persoal que fai Xesús a cada ser humano, explicando qué significa esa amizade na súa experiencia persoal</p>	CSC	
				<p>Analiza as características que identifican a un discípulo de Xesús e debate as implicacións personais que ten ser discípulo de Xesús na actualidade*</p>	CAA, CSC	
			<p>Sacar conclusións acerca de qué significa e qué implicacións personais ten ser discípulo de Xesucristo, mediante o estudo, individual e grupal, de diversos textos dos Evanxeos que relatan</p>	<p>Traballa de xeito guiado e grupal, a búsqueda de información dos encontros de Xesús con diferentes persoas</p>	CSC, CSIEE	
				<p>Entende a importancia de que cada persoa cultive a súa relación persoal con Deus, analizando a relación de Xesús con Deus Pai</p>	CAA	

			encontros de Xesús con diferentes persoas	Distingue e señala en textos bíblicos a importancia da lectura da Biblia e a oración como os medios que Deus proporcionou para ter unha relación con él, xustificando no grupo a selección dos textos	CCL, CSIEE	
4	b, l	<p>A época das persecucións</p> <p>A Igrexa no Baixo Imperio Romano</p> <p>Da concesión da liberdade á proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado</p>	Obter información concreta e relevante sobre feitos delimitados, utilizando diferentes fontes	Explica e describe o desenvolvemento do cristianismo baixo os gobernos de varios emperadores romanos (Nerón, Domiciano, Adriano, Galerio e Diocleciano) consultando diversas fontes	CCL, CMCCT	TICs
				Sitúa cronoloxicamente os feitos e personaxes máis importantes da idade apostólica da Igrexa	CMCCT	
				Mostra sensibilidade e é capaz de establecer conexións entre o contexto histórico da Igrexa dos primeiros séculos e a persecución	CSC	

				dos cristiáns hoxe en día	
			Identificar e situar cronolóxica e xeográficamente os principais feitos históricos no devenir do pobo cristián dende o período neotestamentario ata o Concilio de Nicea, analizando as consecuencias dos mesmos	Analiza a importancia histórica do edicto de Milán situándoo no seu contexto histórico e xeográfico	CMCCT
				Investiga sobre a importancia do Concilio de Nicea e o edicto de Tesalónica na historia da Igrexa expoñendo as súas conclusións personais de forma oral ou por escrito	CD
			Desenvolve a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo da historia da Igrexa dende a etapa no Baixo Imperio Romano, ata o inicio da Idade Media	Analiza e resume as consecuencias sociais e históricas da proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado	CSC
				Mostra tolerancia, respecto e valoración crítica de formas de vida, creencias, sociedades, culturas e etapas históricas distintas á propia, dende unha perspectiva bíblica e histórica	CSC

				Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflexa o papel da oración e a perseverancia na vida cristiá	CD, CAA	
5	a, d, f	A separación entre Deus e o home  As consecuencias da caída  A esperanza de restauración	Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que expresan as consecuencias do pecado na relación con Deus, con nosotros mesmos e con outras persoas	Define o concepto bíblico do pecado e identifica as consecuencias que trouxo para o ser humano, na súa relación con Deus, con outras persoas e coa natureza*	CCL	Comprensión lectora
				Señala e comenta a importancia do relato do libro de Génesis acerca da creación do home á imaxe de Deus e o seu posterior deterioro*	CCL	
				Debate sobre os efectos da ruptura da comunión con Deus na natureza humana e na imaxe de Deus no home	CCL	
				Analiza a realidade humana xeral a	CD, CMCCT	

				través dos medios informativos, identificando as situacións problemáticas máis importantes e expoñendo en clase as súas conclusións personais		
			Saber identificar e localizar en pasaxes bíblicos exemplos de conductas, actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus e entender a esperanza de restauración que a Biblia ensina	Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o interese de Deus por cada persoa e a súa restauración	CSC	
				Utiliza información bíblica para dar resposta a realidades da persoa tales como a culpa, ansiedade, soidade, e crise de identidade*	CSC	
				Crea e comparte textos, videoclips, cortos, para describir a necesidade espiritual do ser humano de relacionarse con Deus	CD, CCEC	
6	a, c, g	O respecto e amor ao próximo	Comprender a perspectiva bíblica sobre o respecto e amor ao próximo, ocuidado	Demostra mediante exemplos de diversas fontes, o amor ao próximo e o servizo na vida do Cristián*	CD, CSC	Educación cívica

		O coidado da creación	da creación, a responsabilidade social e a importancia do traballo	Identifica as necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno cercano e enumera maneiras de alivialas e axudar	CSC	Prevención da violencia	
		A responsabilidade social					
		Aa importancia do traballo			Analiza a través da prensa a marxinação, o racismo e a integración ou falta dela e debate sobre estes temas		CMCCT
				Compara e explica o respecto e a convivencia fronte ao desprecio e a violencia	CSC		
			Participar activamente nalgún proxecto colectivo (na familia, no centro escolar, no barrio, no pobo ou na cidade onde vive) que contribua a cubrir as necesidades básicas	Desenvolve en grupo un proxecto de coidado do medio ambiente manifestando actitudes de solidariedade e compromiso	CSC, CSIEE		
					Debate en clase sobre a nosa responsabilidade fronte aos problemas sociais e o egoísmo		CCL

			(biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno cercano, manifestando actitudes de solidariedade e compromiso	Toma conciencia da necesidade de mostrar solidariedade cós demais seres humanos en diferentes situacións: exclusión social, catástrofes, etc.	CSC	
				Identifica inxusticias humanas contemporáneas ubicadas no seu entorno proponendo alternativas bíblicas de denuncia e/ou solución	CSC	
				Interésase por unha entidade que manifesta actitudes de solidariedade e compromiso e participa nalgún proxecto colectivo solidario	CSC, CSIEE	
			Utilizando informacións de diversas fontes, identificar ls valores predominantes na sociedade actual respecto a diversas situacións, problemas e dilemas éticos contemporáneos, contrastándoos cós valores	Utiliza diferentes fontes (libros, artigos de revistas ou periódicos, entrevistas, cuestionarios, programas de radio ou televisión, películas, anuncios publicitarios), e identifica a solidariedade e o consumismo, contrastándos cós valores éticos cristiáns	CSC, CD	

			éticos cristiáns según as ensinanzas da Biblia	Dá solucións creativas a situacións de cooperación e conflito entre diferentes colectivos ou grupos	CSIEE, CAA, CCEC	
				Investiga sobre a base bíblica do valor e a dignidade do traballo, expoñendo as súas conclusións en clase	CSC	
				Investiga sobre a visión bíblica dos Dereitos Humanos, especialmente nas ensinanzas de Xesús	CSC	



## 6. Metodoloxía

### 6.1. Ensino presencial

A continuación faise unha pequena descripción de cada un dos métodos didácticos empregados durante o desenvolvemento “normal” das unidades:

- Método académico-expositivo: transmisión da información teórica dende o docente aos estudantes
- Modelos con materiais didácticos específicos: uso de materiais especificamente diseñados para o estudo dunha serie de contidos dunha maneira concreta.
- Aprendizaxe por descubrimento: análise de distintos elementos (textos bíblicos, videos...) por parte dos estudantes, que obteñan conclusións de maneira activa e participativa.
- Modelo de análise: estudio de distintos aspectos de un objeto o proceso de maneira que se pueda entender de maneira empírica su funcionamento.

Por outro lado, descríbense os principios metodolóxicos que se empregarán (por ser os que mellor se adaptan as necesidades da materia e máis do alumnado):

- a) Individualización: terase en conta as diferencias personais que inflúen no rendemento escolar para que tódolos/as alumnos/as teñan as mesmas posibilidades. Este principio requerirá un proceso continua de retroalimentación entre o profesor e o alumno para recoñecer as súas necesidades e poder adaptar as tarefas plantexadas.

- b) Constructivismo: concíbese o proceso de ensinanza-aprendizaxe como a construción de estruturas cognitivas que se inician na acción. Este principio é de vital importancia para o papel activo do alumno, que constrúe o seu propio coñecemento mediante a análise de textos bíblicos
  
- c) Autonomía: ensínase ao alumnado a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo ao ter que afrontarse por exemplo á resolución de problemas. Tamén co traballo en grupo o alumnado aprenderá a argumentar os seus puntos de vista fronte ós dos compañeiros buscando o desenvolvemento do pensamento autocrítico.
  
- d) Descubrimento: o alumno consegue información e produce nova formación coa orientación do profesor que fuxirá do método tradicional baseado na ensinanza maxistral.
  
- e) Significación: estableceranse relacións sustantivas entre o novo coñecemento e as estruturas cognitivas, de maneira que no alumno producirose unha aprendizaxe significativa que lle fará valorar o aprendido como algo útil. Isto conseguirase, entre outros, ofrecendo ao alumnado problemas contextualizados na súa realidade.
  
- f) Cooperación: o ser humano debe ser educado para a sociedade de aí a importancia da interacción cos iguais, de maneira que o resultado final sexa maior que a suma das partes. Traballase este principio mediante

a distribución en grupos dos alumnos que terán que aprender a tomar decisións en conxunto, dividir o traballo de maneira efectiva, manter a comunicación, etc. Non se fomentará a competitividade.

- g) Motivación: plantearanse propostas que resulten atraxentes para o alumnado. Volverá ser importante a contextualización do que se traballe na aula para aumentar o interese.
- h) Non substitución: todo aquilo que poida ser realizado polo alumnado non será feito polo profesor para que aquel poida chegar á máxima aprendizaxe segundo as súas posibilidades.
- i) Adecuación: o coñecemento adaptarase ao nivel de comprensión do alumnado, para que non se produza a perda de interese.
- j) Inclusión: tódolos alumnos traballarán de maneira que se asegurará a non-discriminación e o respecto á diversidade.
- k) Creatividade: buscarase que o alumnado poida construír o coñecemento e a acción máis alá de onde o deixou o profesor dándolle recursos e estratexias para conseguilo. Isto conseguirase coa flexibilidade nas tarefas.

## 6.2. Ensino a distancia

A continuación faise unha pequena descripción de cada un dos métodos didácticos que se empregarían para o desenvolvemento das unidades didácticas se non fose posible a asistencia ao centro escolar:

- Método académico-expositivo: transmisión da información teórica dende o docente aos estudantes
- Modelos con materiais didácticos específicos: uso de materiais especificamente diseñados para o estudo dunha serie de contidos dunha maneira concreta.

A materialización destes principios farase a través da páxina web do centro. Así, o alumnado deberá obter as tarefas en dita páxina, realizalas e envialas por email ao docente, que as devolverá correxidas e cós comentarios que sexan precisos.

Ao alumnado sen acceso á páxina web se lle facilitarán as tarefas a través do centro, onde terán que recollelas ou por correo postal, según decidan o docente, o/a estudantes e os/as tutor/a/s

En canto a os principios metodolóxicos, empregaranse os mesmos que no ensino presencial pola súa flexibilidade e por considerar que son os que mellor permiten acadar os obxectivos do proceso ensino-aprendizaxe.

## **7. Temporalización e recursos**

Cada un dos grupos terá unha sesión semanal de 50 minutos para a materia de Relixión Evanxélica, tendo o curso académico 2020/2021 un total de 35 sesións.

En canto aos materiais e os recursos didácticos, polas características da materia será preciso o emprego de recursos como:

- Pizarra
- Ordenador (con acceso a internet), proxector e pantalla
- Fichas e fotocopias realizadas polo docente para o traballo persoal dos/as estudantes
- Biblia
- Caderno de clase no que traballaran os/as estudantes

Ademais, o docente usará como material de consulta o libro “Teoloxía básica” de Charles C. Ryrie.

## **8. Avaliación**

Para avaliar tódolos estándares en cada alumno/a especifícanse unha serie de instrumentos de avaliación:

- Probas escritas avisadas con antelación e puntuadas de 0 a 10 sobre os contidos traballados durante o trimestre, cun peso dun 70% na nota final.

- Presentación do caderno de clase con todo o traballado durante as sesión con letra lexible e sen tachóns nin faltas de ortografía, cun peso dun 20% na nota final.
- Observación directa da participación na clase, traballo diario e realización das actividades propostas, cun peso dun 10% na nota final

Nas táboas do apartado 5 deste documento márcanse cun asterisco (\*) os estándares de aprendizaxe que se consideran imprescindibles para superar a materia e que, polo tanto, terán prioridade no caso de que por motivos excepcionais non dera tempo a traballar tódolos estándares.

Para levar a cabo todos estes procesos e para facer que a avaliación sexa continua, formativa e integradora, dividirase en diferentes fases:

- Avaliación inicial: ao inicio de cada trimestre farase unha pequena avaliación inicial a través de breves cuestionarios, debates, cuestións de barrido... e así poder determinar as competencias do alumnado. Esta avaliación non será calificativa.

Tamén ao comezo do curso farase unha pequena avaliación sobre os contidos do curso académico anterior para comprobar se os obxectivos de dito ano foron acadados.

- Avaliación continua: esta consiste nunha retroalimentación constante que permita ao docente responder ás necesidades de cada estudante no proceso de ensino-aprendizaxe, ademais de observar e calificar a adquisición das competencias clave. Esta avaliación farase a partir das tarefas, actividades e exercicios realizados ao longo de cada unidade.

- **Avaliación final:** a avaliación de cada trimestre permitirá valorar as aprendizaxes e as competencias desenvolvidas ata ese momento por cada estudante e será a media aritmética das calificacións das unidades que se traballen durante ese tempo segundo os instrumentos previamente nomeados. En caso de que existan calificacións con decimais serán redondeadas, á alza cando superen o medio punto e á baixa no caso contrario. Despois da avaliación final de cada trimestre os estudantes que non aprobaran poderán recuperar a materia a través dunha proba escrita. Cós resultados desta proba recalcularase a nota.

Para os estudantes que non supere a convocatoria ordinaria realizarase a convocatoria extraordinaria en setembro, que constará dunha única proba escrita con dez preguntas de puntuación equitativa, das cales cinco deben ser correctas para obter o aprobado.

## **9. Atención á diversidade**

Nun primer momento, debido ás características dos/as estudantes, non se contemplan medidas de atención á diversidade por non considerarse necesarias. Aínda así, traballarase todo o curso da man do departamento de orientación e de xeito flexible para que, no caso de ser preciso, se poidan tomar as medidas necesarias no transcurso do curso e así adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características dos estudantes que o precisen.